



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 17 DE ABRIL DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día dezasete de febreiro do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira, que se incorpora cando se cita.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Non asisten:

- D. José Vicente Ferreira

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 1/2012.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

É obxecto da presente proposta o recoñecemento de cantidades adebedadas por este Concello polas facturas incluídas na relación de recoñecemento extraxudicial 1/2012, mediante o expediente de recoñecemento extraxudicial 1/2012 (relación que se adxunta).

Tendo en conta que se trata duns servicios efectivamente realizados para ó Concello de A Guarda, decántome por non perxudicar a unhas empresas que realmente prestaron ós servicios polos que emiten as facturas, tendo en conta o importe que poden acadar os mesmos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PROPOÑO O PLENO DESTE CONCELLO:

Primeiro: Levanta-lo reparo formulado por intervención e proceder ó recoñecemento das obrigas e posterior pago das facturas obxecto de aprobación do expediente nº 1/2012 incluídas na relación de recoñecemento extraxudicial 1/2012.

Segundo: A aprobación do recoñecemento de créditos 1/2012 por importe das facturas para a súa imputación ás partidas correspondentes do Orzamento do ano 2012.

En A Guarda, a 10 de abril de 2012.

**O Alcalde,
Asdo: José Manuel Domínguez Freitas”**

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que xa se explicou na Comisión de Contas e se solventaron as dúbidas. Se trata de facturas de obras e servizos prestados que son de interese xeral para o Concello, e di que en relación coas últimas facturas mencionadas no informe de Intervención, nas que dicía que non existía decreto de designación, sí existe e xa se aclarou.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo en que hai que pagar ás empresas, pero votará en contra, e di que este ano deberían facer algún recorte de gastos pola situación de crise económica.

O señor Lomba Alonso di que é certo que os servizos están prestados, non se pode penalizar ás empresa despois de facer o seu traballo, pero frecuentemente se presentan recoñecementos extraxudiciais, e pregunta para qué serven os orzamentos, pois case todas as partidas teñen un recoñecemento. Di que se os servizos son de interese xeral, deberían estar previstos no orzamento, as partidas non son reais, algúns recoñecementos superan o 50% da partida. Pensa que esta é a forma de xestionar do equipo de goberno, e non pode apoialo, pero non queren penalizar ás empresas. Pide que sexan atendidos os informes de Intervención, pois dende a Concellería de Facenda non se están facendo ben as cousas. Se van abster.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que se volven a traer os mesmos problemas. A Interventora avisa constantemente disto, da existencia de subvencións encobertas, facturas de comunidades de bens, pero hai provedores cun retraso no cobro de case un ano, polo que se van abster.

A señora Magallanes Álvarez di que estes recoñecementos extraxudiciais veñen encadenados. No ano 2006 era común facer varios e durante un período de tempo é complicado ir axustando os orzamentos. É un traballo que leva o seu tempo. Todas as actividades e servizos incluídos teñen interese xeral, se trata de traballos con empresas da localidade. Diríxese ó PP e di que non hai subvencións encobertas, xa se aclarou na Comisión de Contas.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que é certo que no ano 2006 había recoñecementos extraxudiciais, pero estamos no 2012, e pasou tempo suficiente para poñer as cousas ó día. Pide á Concelleira de Facenda que diga se hai ou non subvencións encobertas,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

pide que se coordine co grupo de goberno. Se se trata de actividades e servizos importantes e prioritarios, pide que se lle dea tal importancia nos orzamentos e se reflctan neles.

A señora Iglesias Ferreira da lectura a unha parte do informe da Interventora, que di o seguinte: *“Nestes supostos o motivo é polo feito de que polo concepto facturado, non se trata dun servizo prestado ó Concello, senón que o que se detecta é que realmente se trata dun expediente de concesión dunha subvención directa a esta asociación, e non dun traballo contratado, ou organizado polo Concello, co cal se ten prescindido do procedemento correspondente para a súa tramitación, incurrindo na figura de subvención encuberta, e desta maneira a aplicación orzamentaria á que se aplica non é a que corresponde pola súa natureza. Realmente a natureza e o procedemento a seguir sería o previsto na Lei Xeral de Subvencións onde se establece que o procedemento ordinario de concesión de subvencións é en réxime de concorrencia competitiva (...) mediante a comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados ns bases e convocatoria”*. Non o di o PP, o di a Interventora, en relación con 14 facturas.

A señora Magallanes Álvarez di que na Comisión de Contas se deu a explicación: no orzamento figuran unha serie de subvencións a asociacións, pero este Concello ten unha actividade e tradición cultural importante, e hai outras asociacións que colaboran e deben ser retribuídas. O equipo de goberno prefire contratar con asociacións e empresarios da localidade, non son subvencións encobertas, senón que se trata de preferir que sexan da localidade e non doutros Concellos, son eventos a maiores cos que colaboran esa asociacións.

O señor Lomba Alonso pide entón á concelleira de facenda que lle deixe claro á Interventora que non se trata de subvencións encobertas. Doutra banda, di que no último Pleno puxeron de manifesto que se contou cunha empresa de León para facer uns folletos publicitarios, polo que di que non predicán co exemplo.

Intervén o señor Español Otero e di que é fácil criticar calquera recoñecemento extraxudicial, pero hai que ser coidadosos, se pregunta cántos fará a Xunta con reparos da súa intervención, pois de haber pagado a tempo ós cartos adebedados ó Concello, moitos non houberan vido hoxe.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso e García Díaz (sete abstencións).

PUNTO 2º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE MOROSIDADE 1º TRIMESTRE 2012.

Dase conta dos informes de morosidade do 1º trimestre do ano 2012.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada

PUNTO 3º.- OBRAS PEIM RURAL 2012.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de A Guarda ante a notificación efectuada pola Consellería do Medio Rural e do Mar, de realizar con cargo aos seus orzamentos as obras de infraestructuras rurais (PROXECTOS ESTRATÉXICOS DE INFRAESTRUCTURAS NO MEDIO RURAL (PEIM-Rural) consistentes en Camiño A Portela e Camiño A Galapa fase 2, Manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e **COMPROMÉTESE** a:

- A posta a disposición, libres de cargas e gravames, de todos os terreos necesarios, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorización legalmente esixidos para levar a cabo a/s obra/s.
- A renuncia expresa a reter da achega desa Corporación calquera tipo de tributo con motivo da/s obra/s de referencia.
- Asumir unha vez recepcionada/s a/s obra/s provisionalmente e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma a explotación, mantemento e conservación da/s mesma/s.
- Acreditar que a persoa designada para levar a cabo a sinatura do convenio está debidamente facultada para este acto.
- Manifestación expresa do compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no artigo 72 p1 do Regulamento (C.E.) 1698/2005, do 20 de setembro, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes:
 - a) que afecten á súa natureza ou as súas condicións de execución.
 - b) que resulten, ben dun cambio na natureza do réxime da propiedade dunha determinada infraestructura, ben da interrupción ou do cambio de localización dunha actividade produtiva.
- O Concello asumirá todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo dito Concello.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- O Concello, antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

O Pleno do Concello faculta ó señor Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente Convenio.

A Guarda, a 9 de abril de dous mil doce.
O Alcalde-Presidente
José Manuel Domínguez Freitas"

Intervén a señora Estévez Álvarez e di que votará a favor, pois considera importante ir mellorando as rúas da localidade.

O señor Lomba Alonso di que votará a favor, se trata de obras necesarias, e pide ó equipo de goberno que para futuras actuacións dentro deste tipo de plans se teña en conta á oposición.

A señora Iglesias Ferreira considera importante mellorar as infraestructuras, camiños e vías municipais, polo que votarán a favor.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezaséis votos a favor).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as oito horas e cincuenta minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre